



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

... tola  
se virou adivertida  
dixo ti irás ao inferno  
qu'eu ghoberno a miña vida.

Trócam'ó meu polo teu-e  
rapasa, ti nada perdes  
que aínda que o meu é miudiño  
ghústame que ti o leves.

Inda ch'hei de botar unha  
no aro da pandeireta,  
inda ch'hei de botar unha  
qu'has de tira-la chaqueta.

Inda ch'hei de botar unha,  
inda ch'hei de botar outra,  
inda ch'hei de botar unha  
que ch'hei de queima-la roupa.

/:Para Siabias non hai:/,  
elas son adevertidas  
por riba de cantas hai.

Se queres saber quen son  
ven aquí nunha carreira,  
da parroquia de Siabias  
do lughar da Rabadeira.

Si quieres saber mi nombre  
y también mi apellido  
vaille perghuntar ó cura  
que o ha de ter no libro.

Quedaches de vir viñeches,  
corasón aleonado,  
quedaches de vir viñeches  
non foches a i-outro lado.

Quedaches de vir ás nove,  
viñeches ás nove e media,  
pensas que non é pecado  
engañar a unha morena.



Miña nai é i-unha pobre  
e meu pai un vinculeiro  
que me botou polo mundo  
cun saquiño de diñeiro.

Un vell'á máis unha vella  
fixeron i-unha empanada,  
o vello comíuna toda  
a vella pasou sin nada.

Heicho de dar e dareicho  
e volvereicho a dar,  
o anillo do meu dedo  
se o puedera sacar.

E vende-los bois e vende-las vacas  
e non me veda-lo pote das papas,  
que se mo vendes e mo enseñas  
a miña casa non quero que veñas.

Ahí vén a estrela do día,  
ahí vén o día alumbrante,  
lovantavos, carreteiros,  
bótalle palla ó ghando.

Levántate, labrador,  
e bota palla ó ghando  
qu'ehí vén a i-alba do día  
tod'ó mundo traballando.